

IX Certame de Poesía Xela Arias Bases

1 Poderán concorrer a este concurso literario, alumnos e alumnas de Ensino Secundario, Bacharelato e Ciclos Formativos en dúas modalidades:

Modalidade A: Alumnado de 12 a 15 anos.
Modalidade B: Alumnado de 16 a 20 anos.

2 Presentarán catro poemas inéditos, de tema e forma libres e escritos en galego.

3 Concederanse cinco premios.

Modalidade A - Primeiro premio: 150 €
Segundo premio: 100 €

Modalidade B - Primeiro premio: 200 €
Segundo premio: 150 €
Terceiro premio: 100 €

Os premios poderán quedar desertos.

4 Os traballos presentados ao concurso non levarán nome do autor ou autora, senón un pseudónimo ou lema. Nun sobre pechado introduciranse os datos persoais do autor ou autora:

Nome e idade.
Enderezo completo.
Teléfono e correo electrónico.
Curso e centro onde estuda.
Fotocopia de documento de identidade.
No exterior do sobre figurará soamente o pseudónimo ou lema e a modalidade pola que concursa.

5 Toda a documentación citada na base anterior deberá remitirse ao seguinte enderezo:

“IX CERTAME DE POESÍA XELA ARIAS”
IES A SANGRIÑA
Avda. de Portugal, 21
36780 - A Guarda (Pontevedra)

6 O xurado estará constituído por creadores especialistas en Literatura Galega. A presidencia será asumida pola Directora do Centro IES A Sangriña ou persoa en quen delegue.

7 A decisión do xurado, que será inapelable, adoptarse por maioría simple. A participación no certame supón a plena aceptación destas bases. En caso de dúbida prevalecerá única e exclusivamente a opinión do xurado. Os premios poderán declararse desertos.

8 O IES A Sangriña reserva para si o dereito de publicar as obras premiadas. Neste sentido, os autores renuncian a favor do IES A Sangriña, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría.

9 O prazo de admisión dos traballos finalizará o 3 de xuño de 2015.

10 O fallo do xurado darase a coñecer o día 12 de xuño de 2010.

11 A entrega de premios terá lugar o día 19 de xuño nun acto literario de homenaxe a Xela Arias.